

"O escritor comprométese co seu tempo"

FRANCISCO FERNÁNDEZ NAVAL
Escritor

TEXTO • Manuel Vidal
FOTOGRAFIA • Maribel Longueira

O escritor Francisco Fernández (Ourense, 1956) está a piques de publicar a obra "Para seguir bailando", na que analiza dende o franquismo ata o abuso de poder.

A paixón do ourensán Francisco Fernández Naval polas historias ficticias e reais xurdiu dende que era pequeno cando comezou a soñar con aqueles persoaxes que emerxían do celuloide na pantalla do cine no que traballaba o seu pai. Aínda que empezou escribindo poemas e pezas teatrais, foi na narrativa onde atopou o mellor lugar para expresar aquilo que quería comunicar. Con máis de 25 publicacións, o ourensán está a piques de publicar un novo libro de relatos, titulado "Para seguir bailando", unha obra na que analiza o franquismo, a corrupción e o abuso de poder.

Con palabras, naturalmente, poderías facer un pequeno bosquejo autobiográfico?

Nacín en Ourense, vivo na Coruña e manteño unha intensa relación co mar entre Muros e Fisterra. No cine no que traballaba o meu pai, vía películas antes de saber ler. Sempre gostei das historias que contaba a miña nai e, co tempo, aprendín a observar a natureza, os seus ritmos, os latexos, en particular ós paxaros. Valoro a amizade e a lealdade, teño un forte sentido da responsabilidade, ás veces máis forte ca min, e penso que hai entre nós cousas que nos unen, fan fortes e alimentan a esperanza dun mundo mellor.

Xa no prelo está próximo a saír un libro teu de relatos; poderías contar algo deste libro?

Esta obra componse dun conxunto de dez relatos, que leva o título do último: *Para seguir bailando*. Son historias que falan de cousas que son constantes no que escribo: o descubrimento cando mozos da realidade da Guerra Civil e do franquismo, a corrupción, o abuso de poder, o dereito da muller a decidir por ela e a ser libre,



O ourensán Francisco Fernández.

poño sobre a mesa moito do vivido.

Xa temos falado noutras ocasións a propósito da poesía, e agora vólvoche preguntar cal é a túa relación con ela.... Como é?

Como lector, a poesía é parte esencial da miña vida. Érgome media hora antes cada día para ler poesía e establecer un territorio de inocencia arredor de min que logo, normalmente, o día desbarata. Como escritor, sei que hai cousas que só podo dicir dende a aproximación que permite a imaxe e a metáfora. Diariamente son narrador, iso é o que traballo habitualmente, pero dende o punto de vista vital, se cadra, son máis poeta.

De todos os libros que levas escrito ata agora, Chisco, cal é co que ti estás máis satisfeito?

Satisfeito de ningún. Todos producen satisfacción e insatisfacción a un tempo. Hai libros que un quere e que resultaron intrascendentes e outros que viviron máis. Hai unha novela que non atopou o seu camiño *Tempo de Crepúsculo*. Quero moito os libros de versos *Mar de Lira* e *Miño* e as historias do detective *Suso Espada*.

Literatura e compromiso, cal é a túa actitude?

Para min as dúas cousas van unidas. A literatura é compromiso. O escritor comprométese co seu tempo actuando como espello no que se reflicte a realidade, pero ademais o escritor é memoria. Toda a complexa e rica construción da literatura universal non é máis ca unha arquitectura contra o esquecemento.

Hai algún libro que aínda non escribiches e che gustaría escribir?

A historia da miña relación co cine dende neno.

EN DATOS

■ Francisco Fernández Naval conta con máis de 25 publicacións, entre as que destacan "Suso Espada: Estambul e o cabalo de ouro" (2007) e "O espírito do bosque" (2002).

■ Xunto coa a Fundación Germán Estévez participou na creación dunha novela co fin de apoiar a candidatura da Ribeira Sacra, como Patrimonio da Humanidade.

o abandono do medio rural. Dende o punto de vista formal penso que neste libro obsérvase un proceso de maduración, circunstancia que tamén me parece detectar no aspecto vital, xa que é un libro que escribo con 50 anos. Todo e nada é biográfico na obra dun escritor, sempre prestamos cousas de nós a seres alleos, pero neste libro, non sendo exactamente biográfico, si